



## RACING DE CASTRELOS F.C.

CIF G 36.710.762

Camión Monte da Mina s/n, Castrelos.  
36213 - VIGO

Telfs. 689 35 98 61  
Web: Facebook.com/racingcastrelos

e-mails: racingcastrelos@gmail.com

### PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE FÚTBOL NA ESCOLA EDUCACIÓN INFANTIL "VILALaura" CURSO 2020/21

Dentro do marco das actividades extraescolares da escola Vilalaura o Racing de Castrelos F.C. encárgase de organizar a de fútbol.



Nesta labor tratamos de achegar aos cativos a experiencia deportiva do fútbol. Trátase pois dunha actividade de iniciación a este deporte, dende unha perspectiva onde predominan aspectos de carácter educativo e lúdico.

#### **Obxectivos da actividade:**

- Achegar aos destinatarios e destinatarias da actividade ao fútbol.
- Desenvolver as capacidades de psicomotricidade fina e grosa.
- Traballar a coordinación, unha habilidade básica no desenvolvemento dos rapaces entre os 3 e 6 anos.
- Promover os valores básicos do traballo en equipo tanto a través dos adestramentos e os partidos como con actividades e xogos pedagóxicos complementarios.

#### **Características organizativas xerais:**

#### **Metodoloxía do traballo**

-A actividade desenvólvese nas instalacións do Colexio o día que se acorde.

-Estará dirixida por monitores titulados vinculados ao club, os cales algún deles son adestradores de fútbol dentro das categorías de fútbol base do Racing de Castrelos.

-Coste da actividade: 15,00 € / mes de Outubro a Maio.

Forma de pago: nun pagamento único ou ben en pagamentos mensuais

O mes de outubro será de proba para aqueles nenos que queiran probala actividade e os que queiran seguir con nos, pagarán o mes de outubro xunto co de novembro.

### Outras actividades que inclúe este servizo

-Participamos no Torneo de Fútbol, dentro do programa das Escolas deportivas municipais do Concello de Vigo, que celebra os partidos os sábados de mañá, principalmente no Centro Deportivo Municipal de Samil, aínda que é a nosa intención, como noutros anos, celebrar o maior número de partidos posibles nas nosas instalacións do Monte da Mina.

Ese día, os nenos/as que se anoten ós partidos, se lles entregarán a equipación oficial do club para xogar (sudadeira, camiseta, pantalón e medias) e tras rematalo partido, se recollerá para limpialo e entregalo o partido da seguinte semana.

-A nosa Escola Deportiva está inscrita como tal na Deputación Provincial de Pontevedra, a cal corre a cargo do Seguro médico dos xogadores/as dos imprevistos.

